

ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ESO E BACHARELATO

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

CURSO 2021/22

1.- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

No período do 6 ao 22 de xuño para aquel alumnado da ESO, e do 6 ao 17 para o alumnado de bacharelato que **NON superou a materia** levarase a cabo **actividades de recuperación** (media aritmética das 3 avaliacións inferior a 5), co obxectivo de que lles permitan acadar os estándares básicos para lograr a superación da materia.

As actividades de recuperación poderán ser as seguintes:

- Cuestionarios
- Fichas
- Traballos de investigación
- Probas prácticas

2.- ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACIÓN

No período do 6 ao 22 de xuño para aquel alumnado da ESO, e do 6 ao 17 para o alumnado de bacharelato que **SI superou a materia** levaranse a cabo **actividades de reforzo e ampliación** dos contidos traballados durante o curso, necesarias para unha maior asimilación dos mesmos para o alumnado. Traballaranse obxectivos, estándares e competencias fundamentais para a adecuada progresión do alumnado ca finalidade de alcanzar o seguinte curso ca maior competencia posible.

As actividades de reforzo poderán ser:

- Actividades e probas prácticas
- Traballos de investigación e probas teóricas só para o alumnado que con incapacidade temporal non poda realizar actividade física

3.- ACTIVIDADES DE TITORIZACIÓN

Farase un seguimento individualizado das actividades de recuperación, reforzo e ampliación do alumnado, así como de orientación personalizada nos casos que sexa preciso.

4.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA ESO

Na avaliación final ordinaria superarase a materia sempre que a media aritmética das cualificacións das 3 avaliacións acade a **nota mínima de 5**.

-Alumnado con nota media das tres avaliacións inferior a 5.

A nota da avaliación ordinaria virá dada polo grao de cumprimento das actividades de recuperación propostas.

Estas actividades de recuperación, de carácter teórico e/ou práctico, irán encamiñadas a superación dos bloques de contidos non superados. Unha vez superados os bloques suspensos, a nota acadada fará media cas partes anteriormente superadas.

-Alumnado con nota media das tres avaliacións superior ou igual a 5.

A nota da avaliación ordinaria poderase ver incrementada ou diminuída 1 punto respecto a media aritmética das 3 avaliacións.

Os criterios de cualificación atenderán a criterios de asistencia as sesións de Educación Física, un alto grao de cumprimento, competencia e participación nas actividades de reforzo e ampliación propostas, avaliadas mediante observación directa individualizada.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA BACHARELATO

Superarase a materia na avaliación ordinaria sempre e cando a media aritmética das 3 avaliacións sexa igual ou maior a 5

Aquel alumnado que non acade unha cualificación positiva na avaliación ordinaria, terá a oportunidade de aprobar na avaliación extraordinaria dos días 20,21,22 de xuño.

Nas probas extraordinarias avaliaranse os contidos traballados durante o curso. E valoraranse do seguinte xeito:

Ámbito conceptual: 40%

Ámbito procedimental: 60%

Pederán acadar, a maiores 1 punto por asistencia a clase durante o período comprendido entre a avaliación ordinaria e a extraordinaria, ademais da realización das actividades propostas con éxito.